

# CURSO

# IGUALDADE

*entre mulleres e homes nas  
relacións laborais*

Preinscrición  
06/12/2021-14/01/2022

Matrícula  
17/12/2021-14/01/2022

Docencia  
19/01/2022-08/06/2022



# CURSO IGUALDADE

## entre mulleres e homes nas reaccións laborais

Preinscrición  
06/12/2021-14/01/2022  
Matricula  
17/12/2021-14/01/2022  
Docencia  
19/01/2022-08/06/2022



Universidade de Vigo

Escola Aberta de  
Formación Permanente

### Obxectivos

Ofrecer unha formación especializada en perspectiva de xénero que proporcione as persoas destinatarias as ferramentas necesarias para poder implantar plans e medidas de igualdade tanto na empresa privada como no ámbito público, así como facer efectivo o dereito á igualdade de trato e á non discriminación entre traballadoras e traballadores en materia retributiva. A tenor do vixente marco normativo, en particular, coa aprobación dos RD 901/2020 e 902/2020, de 13 de outubro, a formación para a negociación, avaliación e revisión dos plans de igualdade e a efectividade do principio de igualdade de trato na retribución conforman, na actualidade, unhas materias con unha alta empregabilidade e demanda empresarial. Os contidos do presente curso, estruturados en 7 módulos de carácter teórico e práctico, proporciona uns coñecementos completos e integrais que permiten coñecer o marco normativo necesario para satisfacer a referida demanda.

### Taxas

- Matrícula curso completo (tarifa xeral): 420 Euros
- Matrícula curso completo (comunidade alumni): 350 Euros
- Matrícula curso completo (comunidade universitaria): 300 Euros
- Matrícula curso completo (persoas desempregadas): 300 Euros

### Datos básicos

- **Número de prazas:** 40
- **Número de créditos:** 15 ECTS
- **Calendario:** do 19 de xaneiro de 2022 (mércores) ao 3 de xuño de 2022 (venres)
- **Horario:** mércores e venres de 16:00 h a 20:00 h.
- **Modalidade de ensino:** presencial
- **Lugar:** Centro Novas Tecnoloxías,  
R/ Airas Nunes, s/n (Conxo) - 15781 Santiago de Compostela.
- **Dirección académica:** Belén Fernández Docampo, profesora titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social. Universidade de Vigo.  
Coordinación: Rosa M. Rodríguez Martín Retortillo, axudante doutora de Dereito do Traballo e da Seguridade Social. Universidade de Vigo.
- **Contacto:** curso.igualdade@uvigo.gal
- **Colabora:** Dirección Xeral de Relacións Laborais, Consellería de Emprego e Igualdade, Xunta de Galicia.

### Destinatarios

Persoas que posúan un título universitario de grao ou licenciatura, preferentemente, en Dereito, Relacións Laborais e Recursos Humanos, Ciencias do Traballo, Ciencias Económicas e Empresariais, Administración e Dirección de Empresas, Economía, Ciencias Políticas, Relacións Laborais ou Graduado Social. O estudiantado universitario tamén poderá inscribirse.

Igualmente, poderán acceder ao curso as persoas con responsabilidades en recursos humanos, xefaturas de relacións laborais, asesorías e cadros das organizacións empresariais e sindicais, teñan ou non titulación universitaria, sempre e cando na súa actividade profesional concorra unha especial vinculación coa especialidade do curso.

### Programa

#### Módulos teóricos:

1. Introductorio
2. Igualdade, emprego e relacións laborais
3. Plans de igualdade
4. Igualdade retributiva
5. Prevención de riscos. Especial referencia ás condutas constitutivas de acoso
6. Protección social e igualdade
7. Tutela da igualdade

#### Módulos prácticos:

- Plans de igualdade
- Igualdade retributiva



Máis información: [eafp.uvigo.gal](mailto:eafp.uvigo.gal)